



Entrevista Daniel Asorey: “É da carraxe de onde as comunidades tiran parte do seu futuro e da súa liberdade”

Lecturafilia 02/06/2017

<https://lecturafilia.com/2017/06/02/entrevista-daniel-asorey-e-da-carraxe-de-onde-as-comunidades-tiran-parte-do-seu-futuro-e-da-sua-liberdade/>

Recoñécese como un admirador da literatura portuguesa e brasileira, e da súa arte en xeral. Daniel Asorey vén de estrearse na literatura coa novela [*Nordeste*](#), publicada pola Editorial Galaxia tras obter o Premio Narrativa Breve Repsol 2016, unha proposta na que fala da nosa Galiza e do Brasil, e tamén dos oprimidos e da loita que sempre houbo que manter para lograr dereitos. Defensor férreo da mirada do mundo dende unha óptica feminista, porque *“o feminismo é a opción, e sen el non temos futuro”*, define o traballo do escritor en relación co dun artesán, pois hai que estar continuamente cicelando as palabras. Cunha monte de referencias artísticas ás costas, Asorey é un dos grandes escritores galegos da actualidade. E, como el mesmo di, *“a literatura debe ser tamén o berro dos desposuídos e a voz das enmudecidas e dos enmudecidos”*.

Pregunta (P): *Nordeste* é a túa estrea literaria, que supón para ti este fito?

É a miña estrea coma novelista, é certo, aínda que xa publicara relato curto en distintas revistas e nalgunha publicación colectiva. *Nordeste* supuxo principalmente darme a coñecer ao público e á crítica, pola repercusión que o Premio Repsol ten no sistema literario galego. Por suposto, para min é un orgullo compartires o que soñas con outra xente e recibir tanto agarimo e tantos azos. Agora, coa nominación ao Premio San Clemente deste ano, un premio fermoso, porque o xurado son as mozas e os mozos de varios institutos, ese agarimo, ese orgullo e eses azos aumentan. Daquela, só teño gratitude para as lectoras e os lectores.

(P): Como xorde a inspiración para crear este *Nordeste*?

A inspiración é, en boa parte, o mesmo Nordeste brasileiro, terra que amo e que coñezo. Hai agora dez anos, na primeira viaxe que fixen a esas terras, nunha exposición no Centro Cultural do Dragão do Mar, na cidade de Fortaleza, vin a foto das cabezas decapitadas dos cangaceiros e cangaceiras, que dá inicio a toda a historia e que aparece ao comezo do libro. Estiven moito tempo remoendo nela, angustiado, e sabía que había escribir algo con aquilo. Por suposto, detrás

todos temos lecturas e eu non podo deixar de nomear os inmensos escritores nordestinos Graciliano Ramos, co seu *Vidas secas*, ou Rachel de Queiroz, co seu *O quinze*.

(P): O Nordeste aparece en toda esta novela como un sentimento e unha sensación na que se une Galicia cunha parte do Brasil. Podes explicarnos que quixeches conseguir con esta novela, merecedora do Premio Narrativa Breve Repsol 2016?

Quixen denunciar as realidades subalternas que existen e tentei amosar os abusos que comete o poder, tanto económico como político, para manter o *statu quo*. De aí que apareza Galiza, pero, desta volta, con voz propia, convertida nunha República, dona dun destino que nos roubaron hai xa quiñentos anos. Mais procurei advertir que o poder económico do capitalismo sempre asexo, polo que nunca hai realidades idílicas. Ademais, se quería denunciar opresión, tiña claro que habían ser as mulleres as que a protagonizasen a historia, porque son ese 50% da poboación silenciado e maltratado. Por último, dentro deses mundos enmudecidos estaría o Nordeste brasileiro. Este é un territorio depauperado e esquecido historicamente por todos os gobernos centrais do Brasil, ata que isto mudou coa chegada do presidente Lula e as súas políticas de xustiza social, que, como era previsto, se están a desfacer tras o golpe de estado perpetrado o ano pasado contra a presidenta Dilma. O cangaço, que aparece na novela, é o berro das desposuídas e dos desposuídos nordestinos aos que lles foi tirada a voz.

(P): A rabia e a carraxe mestúranse aquí coas ansias de liberdade e de rebeldía, expresadas na figura de María Bonita. Como se expresan sentimentos tan opostos?

Creo que liberdade adoita medrar da loita e da afouteza. Ningún dos nosos dereitos foi regalado ou dado coma un agasallo. Dende sempre, o pobo tivo que loitar para conseguir todas as conquistas sociais e culturais. Penso na loita das mulleres sufraxistas; no combate polos dereitos civís; na loita LGBTI; na pelexa pola igualdade racial; naqueloutra dos traballadores e das traballadoras por adquirir e consolidar dereitos laborais e, por suposto, nas longas batallas para reivindicarmos os dereitos identitarios e políticos dos pobos... Pode parecer contradictorio, mais é da carraxe de onde moitas veces as comunidades tiran parte do seu futuro e da súa liberdade. Na novela fálase das Revoltas Irmandiñas e, a partir dese momento de violencia pasada, érguese un mundo posible. Tamén acontece así con María Bonita, cangaceira que existiu, e coa situación de violencia doméstica que ela vive, como viven tantos millóns de mulleres diariamente. Fronte a iso, só queda reclamar para sempre a liberdade.

(P): En tempos moi diferentes, esta non deixa de ser unha obra na que está moi presente a loita polos dereitos das mulleres. Pode definirse como feminista nalgúns aspectos?

Por suposto, son feminista sen matices. É máis, estou sorprendido de que en moitos lugares chamase a atención que *Nordeste* fose unha novela feminista, como se iso fose algo raro. Vou poñer un exemplo, na obra denunciase a escravitude, mais ninguén a definiu como “antiescravista”, facendo notar a súa estrañeza. Supoño que arestora ninguén se cuestiona a barbaridade que supuxo a escravitude, outra cousa é que reflexionemos axeitadamente acerca das consecuencias políticas e económicas que ese sistema tivo e ten aínda hoxe. Porén, semella que no 2017 moita xente non acepta o dereito á igualdade das mulleres e se estraña de que nunha novela se defenda algo tan básico coma isto. Para min, iso demostra o moito que aínda temos que andar cara a unha igualdade real. O feminismo está no alicerce dos dereitos de calquera lugar e na base calquera loita. Daquela, o raro, na miña opinión, sería que unha persoa se definise como “non feminista”, tan raro como se presumise de ser “escravista ou racista”. O feminismo non é unha opción. O feminismo é a opción, porque sen el non temos futuro.

(P): Escribes *“O pobo brasileiro leva sufrindo durante catrocentos anos unha guerra sen treguas nin armisticios. Batallas desiguais que sempre rematan coa exposición das cabezas cortadas dos de abaixo”*. Non serve esta explicación para referirse á historia de todos os pobos do mundo nos diversos momentos?

Claro que si. As elites levan depredando a base social dende o principio da historia e en todas as partes. Con todo, houbo momentos en que a loita das e dos de abaixo fixo que a distribución da riqueza fose un pouco máis equitativa e a acumulación do capital non fose tan escandalosa. Tamén hai territorios onde esta acumulación foi especialmente dolorosa. No Brasil, como en boa parte do mundo, foi así, mais hoxe comprobamos como, nunha onda programada, esas elites están a esnaquizar os cativos dereitos laborais e mais o futuro da maioría da poboación. Todo iso, por suposto, na procura do seu propio beneficio. A acumulación de capital en moi poucas mans remítenos ao século XIX, e non o digo eu, dino especialistas nada radicais como Thomas Piketty. As elites financeiras están a transvasar a riqueza do pobo cara aos seus casinos especulativos e as súas contas en paraísos fiscais. Asistimos a unha inversión da redistribución da riqueza que se lle supón ao Estado, polo que hoxe as clases populares subvencionan esa minoría social. Diante dunha sociedade adurmiñada, están rapinando a renda da clase traballadora. Unha das armas que teñen é a represión, outra sería o control mediante as redes, pero iso é outra historia e daría para moitas novelas...

(P): O mundo non deixa de ser unha incesante loita entre os poderosos e as xentes pobres. Podemos cambiar algo coa literatura, aínda que só sexan as consciencias?

Creo, sinceramente, que si. E a proba diso é que as ditaduras perseguen sen dó as escritoras e os escritores, e prohiben moitas das súas obras. De non servir para nada, non pasarían tantos traballos. A literatura debe ser tamén o berro dos desposuídos e a voz das enmudecidas e dos enmudecidos.

(P): O libro non narra unha historia amable, senón que en momentos chega a ferir a sensibilidade do lector, conseguindo que o estilo sexa, aínda así, marabilloso. Como se consegue que as palabras sexan fermosas cando os feitos son tan duros?

Agradézoche moito que definas o estilo como marabilloso. Creo que o estilo require un traballo, moitas veces arduo, na procura da palabra e do xiro axeitado. Tiven a sorte de que o texto saíu en pouco tempo, porque a historia estaba na miña cabeza, mais logo houbo un dificultoso proceso de corrección. Non creo na inspiración. Detrás dun texto, por moi pouco artístico que isto soe, hai moito traballo de oficina, co uso de dicionarios, de gramáticas... Escribir, polo menos para min, require un anguriente proceso de revisión, sempre na procura do que buscas. Outra cousa é que saía. Escribir ten moito máis de artesán que de artista. E síntome ben orgulloso diso!

(P): Tras a túa recente chegada á literatura galega, como ves o panorama editorial?

O panorama editorial é durísimo. Temos unhas editoras e editores que seguramente fan máis do que poden. Tamén un grupo de escritoras e escritores entregados e teimosos, por certo, a cambio de ben pouco. Digo, sinceramente, que posuímos unha literatura sorprendente, unha literatura cunha calidade envexable, con voces consolidadas, e outras novas e potentes que petan forte. Pero a nosa lingua atravesamos momentos preocupantes e o noso Goberno xoga á contra. O mundo cultural galego xera máis riqueza, no noso PIB, e máis postos de traballo que o sector naval ou químico, en datos dun estudo da Zona Franca de Vigo. Con todo, semella que o goberno da Xunta está empeñado en demoler ese tecido. Para cando se vai aplicar a Lei do Libro? Como pode acontecer que a edición de libros en galego descendese este ano un 13.5%? A

Consellería de Educación e Cultura destina para o 2017 tan só 200.000 euros para mercar novidades en galego nas bibliotecas municipais. Estame vindo á cabeza os 302.500 euros que pagou a Xunta polo vídeo de Enrique Iglesias. Velaí as prioridades. É un milagre que o sector do libro estea vivo.

(P): Estás preparando algún proxecto literario do que nos poidas avanzar algo?

Andan a roer ideas na cabeza. Como son moi caótico, hai varios comezos e moitas vías mortas.

(P): Cales son as túas referencias literarias, cinematográficas e artísticas?

Hai moitas referencias literarias, falei antes de autores nordestinos como Rachel de Queiroz, pero cada libro que les deixa un pouso, un recendo que se che mete na pel e contamina, para ben, as palabras túas. Penso en escritoras feministas que me impresionaron como Margaret Atwood, que agora ha estar de moda grazas a unha serie de televisión, ou en Teresa Moure ou en [María Reimondez](#)... Encántame a literatura latinoamericana, non só o chamado boom, senón autores actuais como Saccomanno, Pauls, Rocangliolio... Na literatura en portugués actual, recoñezo a miña total devoción pola prosa do angolano Ondjaki. Do mesmo xeito, como admirador da novela histórica, non esquecería obras que converten a Marcos Calveiro ou a Saramago en mestres nos que sempre se ollar. Porén, sería imposible lembrar todos os ecosistemas literarios que van contaminado a túa voz.

En canto ao cinema, resúltame especialmente interesante o bo facer do cine latinoamericano, cunha especial querenza polo brasileiro, dende o Cinema Novo ata o actual. Neste momento hai un grupo de fantásticos directores e directoras brasileiras, como Anna Muylaert, Marcelo Gomes, Kleber Mendonça Filho... que denuncian a opresión e o comportamento cobizoso da elite branca brasileira. Á hora de escribir *Nordeste*, estiveron moi presentes varios filmes como *Baile perfumado* de Lirio Ferreira e Paulo Caldas ou *Deus e o diabo na terra do sol* e *O Dragão da Maldade contra o Santo Guerreiro*, estes dous últimos do inmenso Glauber Rocha.

Na arte quixera tamén citar o Brasil, coa potencia pictórica de Tarsila do Amaral ou o compromiso cos desposuídos de Portinari, cuxo cadro *Criança morta* tan aloulado me deixou, ao velo no MASP de São Paulo, que acabei converténdoo nunha escena do libro. Coido que *Retirantes* ou *Criança morta* son os auténticos *Guernicas* do Nordeste brasileiro. Se falo de pintura galega, amoso a miña total admiración por Maside, Maruxa Mallo ou Lugrís. Por outra banda, para min, Chagall sería un deses pintores imprescindibles, pois me aprendeu que a música ten cores e está aí para ser vista e apreixada. Por certo, un segredo pouco confesable nos tempos do minimalismo, fascíneme o Barroco, dende a música, velaí o Bach que fixo medrar varias páxinas da novela, ata a arquitectura. Creo que por iso citei o xenial Domingo de Andrade en *Nordeste*. Que sería de nós, habitantes desta marítima Compostela, sen as súas sublimes obras?